



*Regreso ao mundo
castrexo*

*Dúas rutas de sendeirismo polos castros da ribeira
miñota e das terras altas do Corgo*

**EDITA**

Asociación Cultural Arumes do Corgo
Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo

AUTOR

Mario Outeiro Iglesias
Ánxeles López Carballo

IMPRESIÓN E DISEÑO

Grafinco

DEPÓSITO LEGAL

LU 260-2010

O presente traballo creouse no verán de 2010 por iniciativa e baixo a coordinación da Asociación Cultural ARUMES do Corgo, co gallo da celebración das V XORNADAS SOBRE PATRIMONIO. Contou coa colaboración económica da VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA da Deputación de Lugo.

CONTACTO


arumescorgo@gmail.com

■	Limiar	2
■	Os castros	3
■	Os xacementos do Corgo	8
■	Ruta dos castros Miñotos	13
■	Ruta dos castros Altos	21
■	Bibliografía	32



A nación galega ten os seus alicerces asentados nunha cultura milenaria que podemos denominar como castrexa. Unha cultura que marcou a forma de ocupar o territorio, o substrato da lingua propia de Galiza, a toponimia, os apelidos, a literatura e un longo etcétera. Neste quinto caderno de rutas (realizado co gallo das V Xornadas sobre Patrimonio, na celebración tamén do quinto aniversario da A.C. Arumes do Corgo), dispós de material para aproximarte un pouco máis á cultura castrexa e en concreto aos xacementos do noso concello.

As dúas rutas que che ofrecemos neste caderno, permitiranche ter unha idea do inmenso patrimonio arqueolóxico do Corgo. Dúas vías circulares aptas para un público afeito a andar (ambas as dúas de dificultade media); a primeira, a "Ruta dos castros miñotos", con dez quilómetros e medio (dúas horas e 45 min de duración) discorre por unha superficie con altibaixos das parroquias de Paradela e Manán (San Cosme) que oscila entre os 370 (muíño da Areosa) e os 505 m (proximidades do Castro da Grova) de altitude. A segunda, a "Ruta dos castros altos", con once quilómetros e medio (tres horas de duración) ten dunhas esixencias aínda maiores pois oscila entre os 400 (desembocadura do río do Pombo no Tórdea) e os 590 m (Castro de Vigo).



O Primeiro deseño da vida en comunidade sedentaria elixido polos nosos antergos

M. Almagro Gorbea dá unha definición de Castro coma “un poboado situado nun lugar de fácil defensa reforzada con murallas, muros externos cerrados e/ou accidentes naturais do terreo, que defende no seu interior unha pluralidade de vivendas de tipo familiar e que controla unha unidade elemental do territorio, cunha organización social escasamente complexa e xerarquizada”.

Os castros constituían, antes da conquista romana, o único modelo de poboamento da zona noroeste da Península Ibérica, concretamente de Galicia, xa dende a Idade do Bronce e polo tanto son un elemento definitorio da cultura prerromana coñecida co nome de cultura castrexa.

A primeira ocupación dos castros habería pois que situala, como se acaba de dicir, no final da Idade do Bronce, entre os séculos VII e VI a. C, como por exemplo o castro de Penarrubia en Lugo. Algúns deles permaneceron habitados ata a Idade Media (mostra de castro de ocupación tardía é o de Viladonga, s. II a V d. C).

A cultura castrexa propiamente dita abarca dende o século VI ou V antes de Cristo ata o cambio de era ou ata mediados do século I despois de Cristo, aproximadamente. Porén, despois da chegada do Imperio Romano, os castros non deixaron de habitarse senón todo o contrario, a cultura dos castros pervive e evoluciona substancialmente despois da integración da Gallaecia dentro do Imperio Romano pasando a denominarse cultura galaico-romana.

Os castros pola súa tipoloxía e pola súa localización poden ser catalogados en tres tipos:

- Castros de interior. Son o tipo máis frecuente e característico e están emprazados en outeiros ou lugares máis ou menos altos pero raras veces en cumios moi elevados. En xeral pódese dicir que son de planta circular ou ovalada cunha ou varias liñas de murallas (castros do Corgo e Castro de Viladonga).
- Castros de montaña. Localizados xeralmente nas ladeiras e de forma oval con foxos artificiais polo lado superior e murallas ou terraplén cara o val (Castro de Vilar do Caurel e de Sta. María de Cervantes).

OS CASTROS

O Primeiro deseño da vida en comunidade sedentaria elixido polos nosos antergos



Imaxe aérea do Castro de Viladonga

- Castros costeiros. Son moi abundantes no litoral galego que se adaptan ao terreo e no tipo máis característico, as defensas naturais do lado do mar vense complementadas con murallas e foxos cara o lado interior (Castro de Baroña ou de Fazouro).

Os castros, polo tanto, sexan da tipoloxía que sexan, constan dun recinto central, a croa, onde se sitúan as vivendas e resto das edificacións e toda unha serie de murallas, parapetos ou foxos. Ás veces existen uns engadidos denominados antecastros, tamén delimitados por murallas, pero nas que non existen vivendas, polo que se cre que podían estar destinados a animais ou cultivos.

O Primeiro deseño da vida en comunidade sedentaria elixido polos nosos antergos

Todo este sistema de fortificación dos castros, que fai pensar inmediatamente nun labor primordialmente defensivo, tras diversos estudos dos arqueólogos, non parece atender a necesidades bélicas e de autoprotección, senón máis ben a cuestións de prestixio da comunidade e de clara delimitación simbólica do territorio poboado. Proba de que non eran especialmente belixerantes os castrexos é o escaso número de armas atopadas nos xacementos. Existen outros argumentos que apoian esta tese de que se trataba dunha sociedade pouco conflictiva. Por un lado, unha organización social cun compoñente guerreiro no seu seo como o que parece deducirse, a priori, das estruturas defensivas mencionadas, debería ter unhas aspiracións máis ou menos expansivas que non se enxergan por ningún lado no mundo castrexo-galaico. Por outra banda, as escavacións arqueolóxicas aínda non pudideron detectar con detalle restos de destrucións violentas nos poboados estudados.



Vivenda reconstruída no Castro de Santa Tegra

OS CASTROS

O Primeiro deseño da vida en comunidade sedentaria elixido polos nosos antergos

Ademais dos elementos defensivos, especialmente chamativos pola súa grandiosidade en determinados lugares, cabe analizar a evolución da configuración dos asentamentos existentes dentro do perímetro fortificado. Neste sentido cómpre salientar que é peculiar do fenómeno castrexo-galaico a adopción de muros curvos na arquitectura doméstica. Tanto as cabanas máis rudimentarias iniciais feitas de materiais perecedeiros como as edificadas con cachotaría presentan plantas máis ou menos próximas á circular. En canto á influencia seguida para a adopción desta forma sinxela na edificación é de destacar que as cabanas propias das etapas anteriores á implantación do fenómeno castrexo presentan, sempre, plantas circulares. Trátase do emprego de solucións técnicas simples e adaptadas ás características do terreo e á continuidade dos modelos tradicionais, que axiña van cambiar os materiais perecedeiros, propios dun réxime económico itinerante, como o era o anterior ao asentamento catrexo, por muros de pedra máis acordes co sentido de estabilidade dunha economía xa sedentarizada.

Durante a fase castrexo-romana que vai dende mediados do século II antes de Cristo a mediados do século I despois de Cristo, prodúcese o contacto entre o mundo indíxena e romano, experimentando as comunidades castrexas unha serie extraordinaria de cambios. Nesta época prodúcese un importante incremento demográfico e unha redistribución poboacional que da lugar á aparición de grandes pobados e de múltiples pequenos castros que irán invadindo o territorio galego. Obsérvase xa nesta etapa unha perfecta planificación dos recursos, especialmente agrarios, onde a influencia de Roma parece clara, non só, pero tamén indubidablemente, coa chegada de novos cultivos, apeiros e técnicas de produción.


No aspecto urbanístico pásase ao emprego de solucións arquitectónicas máis variadas e de certa calidade. A organización interna de moitos pobados en unidades familiares pechadas integradas por dúas ou máis vivendas, os seus correspondentes almacéns e un espazo común entre elas revela rasgos dunha organización social máis complexa. As vivendas nesta época seguen a ser predominantemente circulares pero xa empezan a aparecer algunhas ovaladas ou rectangulares coas esquinas curvas. As edificacións perfectamente cadradas e rectangulares son bastante tardías e seguramente adaptadas á imitación das construcións romanas.

O Primeiro deseño da vida en comunidade sedentaria elixido polos nosos antergos

A cuberta destas construcións facíase con elementos vexetais pero tamén se empregou, moi tardiamente, a tégula romana para cubrir algunhas casas de planta cadrada e rectangular. A planificación urbanística complétase cun sistema de rúas principais perfectamente deseñado así como unha completa rede de canais e taxees para a recollida e canalización da auga da choiva.

Podemos constatar tamén nesta etapa, de maior seguridade e calma, a construción dos sistemas defensivos máis aparatosos do mundo castrexo, o que ratifica a anterior teoría a cerca da funcionalidade destes elementos. Parece claro que si Roma permite vivir aos castrexos segundo o seu sistema tradicional e reforzar, con obra presuntamente militar, os seus poboados é que Roma non os vía como inimigos nen sequera potenciais, pola contra, as murallas serían máis ben para os habitantes do poboado como un vehículo propagandístico da súa puxanza de cara ao exterior.

Pero os castros son moito máis que os primitivos modelos de asentamento poboacional que acabamos de analizar, os castros son elementos típicos da cultura castrexa, cultura que se atopa vencellada á nosa máis profunda identidade como galegos. Alí viviron os nosos antergos e alí se atopan as nosas raíces como comunidade. Conservar esas raíces e poñelas en valor dignificaranos como pobo.



...
*Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.*

...
Eduardo Pondal (Os Pinos, Himno de Galiza)

OS XACEMENTOS DO CORGO

O concello do Corgo tivo, como o resto do país galego, asentamentos poboacionais milenarios. Foi, se cadra, o ter unha orografía amábel e unha terra sucada por ducias de ríos e regatos o que ocasionou que O Corgo estea cheo de restos arqueolóxicos. En concreto, hai 21 castros catalogados e máis dunha ducia de medorras e necrópoles inzan polo noso territorio. Este feito materialízase na toponimia das parroquias (Castrillón) e dos lugares recollidos no nomenclator da provincia de Lugo (DOG do 25 de xaneiro de 2000): Castro (Anseán e Santo Estevo de Farnadeiros), O Castro (Gomeán) e Castrillón (Castrillón). Por suposto, aparece tamén asociado á microtoponimia con diferentes modalidades (croa, castro...).

A continuación cítanse os castros das dúas rutas comentadas posteriormente con algún dato relevante e imaxes:

Castro de Verín ou Reveirao (Vilanova-Paradela)

- Altitude: 510 m
- Superficie aproximada: 5.000 m²

Castro de Cerdeiriño (Vilanova-Paradela)

- Altitude: 500 m
- Superficie aproximada: 10.000 m²



Imaxe aérea dos castros de Verín (esquerda) e Cerdeiriño (dereita)



Castro da Grova (Vilanova- Paradelá)

- ❑ Altitude: 505 m
- ❑ Superficie aproximada: indeterminada (croá moi alterada)

Castro de San Cosme (Manán)

- ❑ Altitude: 440 m
- ❑ Superficie aproximada: 10.000 m²



Castro de Vigo (Vigo-O Alto)

- ❑ Altitude: 590 m
- ❑ Superficie aproximada: 4.500 m²



OS XACEMENTOS DO CORGO

A Croa de Vilanova (Vilanova-Marei)

- Altitude: 555 m
- Superficie aproximada: 4.000 m²



Imaxe aérea da croa de Vilanova

A maiores, hai dous castros que destacan na xeografía corguesa:



O Castrillón

O Castrillón (*Castrillón*)

- ❑ Altitude: 460 m
- ❑ Superficie aproximada: 7.000 m²
- ❑ É se cadra, o castro máis coñecido do concello. Na croa hai unha fermosa capela románica rodeada de carballos centenarios. Nela, celébrase anualmente unha das máis famosas romerías da comarca de Lugo, a do San Bernabé.



Imaxe aérea do Castrillón

Castro de Bergazo (*Bergazo*)

- ❑ Altitude: 450 m
- ❑ Superficie aproximada: 6.000 m²
- ❑ No Castro de Bergazo apareceron (supostamente) os pés da estatua dun guerreiro xigante que actualmente se gardan no claustro do Museo Provincial de Lugo.

A continuación presentamos un listado cos outros castros catalogados do concello:

- ❑ Castro de Anseán (*Castro-Anseán*)
- ❑ Agra dos Castros (*Arxemil*)
- ❑ Os Castros de Arxemil (*Arxemil*)
- ❑ Croa de Chamoso (*Chamoso, San Cristovo*)
- ❑ Castro de Farnadeiros (*Farnadeiros, San Estevo*)
- ❑ Castro da Croa (*Coto-Folgosa, San Martiño*)


OS XACEMENTOS DO CORGO

- ❑ Castro de Barrio (*Barrio-Fonteita*)
- ❑ A Croa de Gomeán (*Gomeán*)
- ❑ Castro (*Castro-Gomeán*)
- ❑ Castro de Ramil (*Estación-Laxosa*)
- ❑ Castro de Tras da Zorra (*Lousado-Laxosa*)
- ❑ Os Castros da Lence (*A Lence-Marei*)
- ❑ Castro de Queizán (*Queizán de Abaixo-Queizán*)



Pés da estatua do guerreiro atopado no castro de Bergazo

RUTA DOS CASTROS MIÑOTOS



Datos técnicos


- Lonxitude: 10.500 m
- Tempo aproximado: 2 h e 45 min
- Dificultade: media

Como chegar ao punto de partida?

Chegar ao punto de inicio da ruta, a igrexa de S. Pedro Fiz de Paradelas, é dende o 2009 bastante doado. Vindo da A6 é interesante saír en Nadela (km 488) para coller na macrorotonda a CG 2.2 (corredor de Sarria) e desviarse no Corgo (km 5) cara Farnadeiros (na rotonda da saída, coller á dereita). Inmediatamente desviarse á dereita e 800 m máis adiante atópase San Fiz de Paradelas, ao final do cal está a igrexa. Tamén se pode acceder dende a estrada C 546 (que parte da macrorotonda mencionada antes) no cruzamento do punto quilométrico 5, seguindo as indicacións cara Paradelas.

RUTA DOS CASTROS MIÑOTOS

Tramo I: Igrexa de San Cosme de Manán-Vilanova (Paradela)



Datos técnicos

- Lonxitude: 3.500 m
- Tempo aproximado: 50 min

Puntos destacados no tramo

- 1 Igrexa de San Cosme de Manán. Sinxela igrexa parroquial con planta rectangular e cuberta a dúas augas. Frontispicio con porta alintelada e espadana dun van. No presbiterio, máis reducido que a nave, presenta un arco triunfal de aresta sobre pilastras. Na contorna construíuse recentemente unha praza con zona axardinada e espazos deportivos e de lecer.
- 2 Escola de Manán. Antiga escola de Manán feita con pedra de lousa e rehabilitada recentemente como centro veciñal de usos múltiples

Puntos de interese nas proximidades

- Castro da Grova (Paradela). Situado nun outeiro a 515 m de altura no lugar da Grova. Presenta terraplén defensivo perimetral, reforzado con foxo ancho na parte norte. O sector oeste presenta graves alteracións debidas a labores agrícolas. A lenda di que as fadas encantadas do castro foron sorprendidas polos veciños unha noite de San Xoán carrexando auga da trema da Veiga.

Tramo I: Igrexa de San Cosme de Manán-Vilanova (Paradela)

- Casa Grande de Quintela (San Pedro de Farnadeiros). Casa Grande en forma de L (24 e 18 m de ás). O conxunto péchase formando un patio grazas a unha edificación onde está o pombal pequeno e un muro con portón que protexe o escudo de armas. Na fachada posterior que dá á horta e ao pombal grande (forma cilíndrica e cuberta cónica) existe unha porta alintelada cun balcón voado na vertical. O portón de entrada posúe enriba un frontón apuntado onde se atopa o escudo coas armas da familia timbrado cunha coroa voada e unha pedra con inscrición. Saíndo polo portón atopamos unha capela pequena de planta rectangular e cruz en vez de campanario e un hórreo tipo cabaceiro.



Igrexa de San Cosme



Casa Grande de Quintela

RUTA DOS CASTROS MIÑOTOS

Tramo II: Vilanova (Paradela)-Igrexa de San Fiz de Paradela



Datos técnicos


- Lonxitude: 4.000 m
- Tempo aproximado: 1 h e 5 min

Puntos destacados no tramo

- 3** Muíño da Areosa (Paradela). Muíño de grandes dimensións situado no río Chamoso. Atópase en estado de abandono pero cun lousado e un interior aceptabelmente conservado.
- 4** Igrexa de San Fiz (Paradela). Igrexa de estilo barroco cun frontispicio de pedra de cantaría con porta alintelada, ventá cadrada, inscrición ("ESTA OBRA SE HIZO SIENDO CURA DN ELISANTO MENDEZ DE CASTRO AÑO DE 1768") e espadana con dous vans. No interior dispón dun retablo maior do s. XIX e dous retablos laterais.

Puntos de interese nas proximidades

- Castro de Verín (Paradela). Atópase, xunto co castro de Cerdeiriño, no cumio do Monte dos Castros ao norte de Vilanova. A unha altura de 510 m, presenta un recinto de forma oval, defendido por unha muralla perimetral, reforzada con foxo na parte oeste. O acceso principal atópase no leste onde segundo a lenda un gran seixo pechaba a boqueira do castro traído por unha raíña moura en entre as augas do río.
- Castro de Cerdeiriño (Paradela). Sitúase a 150 m de distancia do anterior (ao nordeste). Ten unha altura de 500 m e conta con triple anel defensivo concéntrico aberto polo leste, onde se sitúa o acceso.
- Desembocadura do río Chamoso no Miño (Paradela). Destacar a existencia dunha ruta de sendeirismo dende Lugo ata a desembocadura do río Neira no Miño, nun espazo de gran riqueza natural pertencente á Reserva da Biosfera Terras do Miño (UNESCO, novembro de 2002). A maiores destacamos o muíño e a ponte da Foz, así como a Insua de Burneiros (concello de Lugo) co seu recuperado caneiro para a pesca.



Muíño de Areosa

RUTA DOS CASTROS MIÑOTOS

Tramo II: Vilanova (Paradela)-Igrexa de San Fiz de Paradela



Igrexa de San Fiz



Terraplén defensivo do Castro de Verín



Paseo do Miño

RUTA DOS CASTROS MIÑOTOS

Tramo III: Igrexa de San Fiz de Paradelas - Igrexa de San Cosme de Manán



Datos técnicos

- Lonxitude: 3.000 m
- Tempo aproximado: 50 min

Puntos destacados no tramo

- 5** Carballeira. No cruzamento da estrada de Manán Santa María coa de Manán San Cosme hai un fermoso espazo público con carballos de grande valor natural.
- 6** Castro de San Cosme (Manán). Asentamento fortificado de forma oval e recinto único, defendido por un terraplén perimetral. A zona onde presenta máis graves alteracións é na franxa suroeste por desmontes debidos á creación de pastos.
- 7** Ferreiro de Manán. No medio de Manán aínda se pode oír o ruído metálico da forxa de Antonio López Torre, un dos últimos mestres do ferro que quedan no concello e na contorna, pelexando porque a globalización non anule os nosos sinais de identidade.
- 8** Fontes de Manán. Conxunto de fontes de gran valor etnográfico e restauradas recentemente. Están situadas nunha fonda corga debaixo da igrexa agás a máis grande que está debaixo da forxa.

RUTA DOS CASTROS MIÑOTOS

Tramo III: Igrexa de San Fiz de Paradela - Igrexa de San Cosme de Manán

Puntos de interese nas proximidades

- ❑ Igrexa de Santa María Madanela de Manán. Pequena igrexa parroquial de cantaría e cuberta a dúas augas. Frontispicio con espadana dun van e porta alintelada.
- ❑ Casa Antón (Santa María de Manán). Casa de labranza de grandes dimensións con curioso portalón, nas proximidades da igrexa.



Terraplen defensivo do Castro de San Cosme



Ferreiro de Manán traballando



Fonte de Manán



Datos técnicos


- Lonxitude: 11.500 m (10.300 m polo atallo do monte)
- Tempo aproximado: 3 h
- Dificultade: media

Como chegar ao punto de partida?

Dende a A6 desviarse no km 488 e coller en dirección O Corgo ata a rotonda situada na N VI. Alí coller cara Madrid e desviarse inmediatamente á dereita en dirección Santalla (recoméndase facer unha parada para admirar o campo da feira de Gomeán situado ao pé da antiga escola). A 4 km do cruce da N VI está a igrexa de Santalla (coller o segundo cruzamento á esquerda).

RUTA DOS CASTROS MIÑOTOS

Tramo I: Igrexa de Santalla do Alto-Vilanova (Marei)



Datos técnicos

- Lonxitude: 4.200 m
- Tempo aproximado: 1 h e 5 min

Puntos destacados no tramo

- 1** Igrexa de Santalla (O Alto). Igrexa parroquial de estilo románico (agás a espadana dun van de estilo barroco) rodeada por un adro-cemiterio. Posúe dúas fermosas portas con arcos de medio punto e tímpano monolítico. A ábsida ten un tramo recto e cabeceira semicircular. Por Xaime Delgado sabemos que as pinturas aparecidas ao facer as obras da igrexa consisten nun orixinal viacrucis coas catorce estacións compostas por pasos todos iguais: cruz con lises. O resto das pinturas, de fins do s. XVI, amosan un San Roque con bastón de peregrino e a coroación de María por dous anxos. A igrexa é de aproximadamente do s. XIII, ten os muros exteriores algo inclinados e está afeada na fachada sur por un panteón con cuberta de formigón.

Tramo I: Igrexa de Santalla do Alto-Vilanova (Marei)

- 2 Fonte e bebedoiro en Fonteboa (O Alto). Abundante fonte con moderno bebedoiro para o gando vacún. Santalla é unha das parroquias con máis actividade gandeira do concello e eso visualízase na paisaxe circundante e nas construcións como esta, con claro carácter agrogandeiro.
- 3 Paso do río do Pombo. Fermoso e tradicional paso de río empregando grandes pedras de granito. Neste tramo da ruta, as vellas fragas intercálanse con fermosas paisaxes de ribeira nunha senda sen asfaltar con altas cualidades paisaxísticas.

Puntos de interese nas proximidades

- ❑ Medorras de Ouzal (O Alto). No monte de Ouzal están catalogados cinco túmulos megalíticos do neolítico en non moi bo estado de conservación.
- ❑ Muíño de Bieito (Gomeán). Importante instalación hidráulica (agora abandonado) situado á beira do río Tórdea nas proximidades de Matafaxín. É dificilmente accesíbel.



Fonte e bebedoiro en Fonteboa



Paso do río do Pombo

RUTA DOS CASTROS ALTOS

Tramo I: Igrexa de Santalla do Alto-Vilanova (Marei)



Igrexa de Santalla



Detalle da porta lateral



Detalle da ábsida

RUTA DOS CASTROS ALTOS

Tramo II: Vilanova (Marei)-Golás (O Alto)



Datos técnicos

- Lonxitude: 2.000 m
- Tempo aproximado: 30 min

Puntos destacados no tramo

- 4** Portón con escudo en Vilanova (Marei). Portón de entrada a unha finca realizado en cantaría labrada, colocado nun muro realizado en lousa. O portón, presenta sobre o seu lintel un escudo labrado sobre varias pezas baixo coroa marquesal, dividido en catro partes nun óvalo, nunha estrutura posibelmente decimonónica.
- 5** Camiño en Vilanova (Marei). Estrada asombrada por carballos vellos por ambas marxes.
- 6** A Croa de Vilanova. Situado entre Vilar (O Alto) e Vilanova (Marei), atópase no bico dun outeiro un castro da idade do ferro e rodeado dunha muralla perimetral.

RUTA DOS CASTROS ALTOS

Tramo II: Vilanova (Marei)-Golás (O Alto)

Puntos de interese nas proximidades

- ❑ Igrexa de Marei. Situada en Outeiro, posúe un frontispicio de cantaría de granito con porta en arco de medio punto protexida por un pórtico a tres augas sobre arcos que pousan en piares e pilastras. Ten un retablo barroco do s. XVII e espadana de dous vans.
- ❑ Os castros da Lence (Marei). Situado á beira do río Mazandán atópase un castro da idade do ferro. Posúe un terraplén perimetral e tamén aproveita o río como defensa.
- ❑ Casa reitoral e sede do Teleclub de Marei. Sen ningún valor arquitectónico pero cun valor innegábel no avance socio-económico da zona. O Teleclub (número 1.076 da rede nacional) comezou a funcionar no 1967 ao abeiro de Eliseo López López sendo galardoado polo seu traballo colectivo no Primeiro Concurso Nacional de desenvolvemento comunitario en 1970. No exterior hai unha curiosa placa reivindicativa de mármore que di: "SOLUCIONEMOS XUNTOS AS NOSAS DIFICULTADES. CADA POBO TEN O QUE MERECE". Toda unha lección maxistral para os tempos que corren.



Portón con escudo en Vilanova

RUTA DOS CASTROS ALTOS

Tramo II: Vilanova (Marei)-Golás (O Alto)



Camiño de Vilanova




A Croa de Vilanova



Igrexa de Marei

RUTA DOS CASTROS ALTOS

Tramo III: Golás (O Alto)-Casanova (O Alto)



Datos técnicos

- Lonxitude: 2.600 m (1.400 m polo atallo do monte)
- Tempo aproximado: 40 min
- Variante: A variante (sinalada con liña intermitente) indica unha ruta que discorre por camiños de terra e ten a dificultade de que antes de chegar a Casanova o camiño é paralelo ao río. De inverno o río asulaga o camiño e de verán só pode cruzarse con bo calzado (o río atrávesase propiamente saltando de pedra en pedra). É a recomendable por beleza, lonxitude e pouco desnivel sempre e cando se posúan unhas botas impermeábeis.

Puntos destacados no tramo

- 7 Casa grande e hórreo en Casanova (O Alto). Boa casa de labranza cun hórreo da década dos 30 situado enriba do portón de acceso á aira.

Puntos de interese nas proximidades

- ❑ Castro de Reboredo (Bande, concello de Láncara). Nas proximidades de Golás (seguindo a estrada) atopamos o lugar de Reboredo cun castro homónimo, a case 500 m de altitude e cunha superficie de croa de 6.500 m² (aproximadamente).



Casa grande en Casanova



Imaxe aérea do Castro de Reboredo

RUTA DOS CASTROS MIÑOTOS

Tramo IV: Casanova (O Alto)-Castro de Vigo-Igrexa de Santalla do Alto



Datos técnicos

- Lonxitude: 2.700 m
- Tempo aproximado: 45 min

Puntos destacados no tramo

- 8** Camiño empedrado de acceso ao castro de Vigo (O Alto). Fermosa corga de acceso ao castro, empedrada na maior parte dos tramos con seixos procedentes do monte.
- 9** Castro de Vigo (O Alto). É o castro máis alto do concello (590 m) e dende el enxérgase un amplo territorio cara ao oeste (chaira corguesa, Lugo, Lán cara, Portomarín, Guntín...). Atópase nun estado de conservación aceptábel cunhas altas murallas cara ao oeste (aproveitando o desnivel do terreo) e muralla máis baixa acompañada de foxo cara o leste.

Tramo IV: Casanova (O Alto)-Castro de Vigo-Igrexa de Santalla do Alto

Puntos de interese nas proximidades

- ❑ Trasliste (concello de Láncara). A un quilómetro do Alto atópase Trasliste que conta cunha igrexa parroquial dunha soa nave con cuberta de madeira e destaca polo seu cabildo sobre columnas. Está considerada de estilo barroco popular. A Casa-Pazo conserva portada alintelada con frontón triangular co escudo da casa. Estase a construír un Museo Privado de Maquinaria Agrícola Clásica no lugar de A Eirexe. Na contorna hai dous castros denominados de Aior e Os Castros.



Camiño empedrado en Vigo



Terraplén defensivo do Castro Vigo

BIBLIOGRAFÍA

Historia de Corgo. Jesús Abuin Arias. Servizos de publicación da Deputación de Lugo. 2000.

A Casa Grande de Quintela. Isaac Rielo Carballo. O Mocrín. 2005.

O Corgo, amplo horizonte. Xulio Xiz. Concello do Corgo. 2007.

O Corgo na Ruta Xacobeá. Mario Outeiro Iglesias. A.C. Arumes do Corgo. 2007.

As Casas Grandes do Corgo. Mario Outeiro Iglesias. A.C. Arumes do Corgo. 2009.

Mapa Topográfico Nacional de España (98-I e 98-III). Instituto Geográfico Nacional. PXOM do Concello do Corgo. Antonio de Vega Rodríguez e outros. Concello do Corgo.

Páxinas web:

<http://www.aaviladonga.es/e-castrexo> ("A Cultura Castrexa" de Felipe Árias Vilas e M^a Consuelo Durán Fuentes e "El Mundo Castrexo Galaico" de Antonio de la Peña Santos).

<http://www.concellodelancara.com> (parroquia de Trasliste).

<http://sigpac.mapa.es/fega/visor>

<http://www.ign.es/iberpix/visoriberpix/visorign.htmls>.





DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura